



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Psicología da aprendizaxe en contextos educativos		Código	652G02007
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicología Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Porto Rioboo, Ana Maria	Correo electrónico	ana.prioboo@udc.es	
Profesorado	Brenlla Blanco, Juan Carlos Porto Rioboo, Ana Maria	Correo electrónico	juan.brenlla@udc.es ana.prioboo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia xunto coa "Psicología do desenvolvemento de 6 a 12" configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 6 a 12 anos (Orden ECI/3857/2007, do 29 de decembro).</p> <p>O núcleo de competencias básicas trata da comprensión dos procesos educativos e da aprendizaxe e dos determinantes persoais e relacionais e contextuais da aprendizaxe escolar.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período de 6-12, no contexto familiar, social e escolar.
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A7	Analizar e comprender os procesos educativos na aula e fóra de ela relativos ao período 6-12.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a psicología da educación ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado da súa participación en situacións educativas.	A1		
	A7		
Coñecer, comprender e reflexionar sobre as principais teorías, concepcións e tipos de aprendizaxe e as súas implicacións educativas e valorar a importancia de facer unha aprendizaxe constructiva, significativa e interactiva.	A1	B1	
	A5		
Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza intrapersonal ou propias do alumnado, tanto do ámbito cognitivo como afectivo e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.	A1	B1	
	A4		
	A6		
	A7		



Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis máis relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza relacional ou contextual e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.	A1 A7 A11	B1	
Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.		B1 B5	C6 C7
Manexar ferramentas informáticas e utilizar distintos recursos da rede para a procura de información.		B1 B5 B11	C6
Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.	A1	B1 B5	C6 C7
Entender o carácter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.	A1	B1	C6 C7
Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás quendas como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.	A5	B5	C7
Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.		B1	C7
Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outros e outras compañeiros e compañeiras e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento.		B1 B2	C6 C7
Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade			C7

Contidos	
Temas	Subtemas
<b>GRUPO A</b>	
TEMA 1: O PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE DESDE A PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A transformación da educación en desenvolvemento</li> <li>2. O estudo da aprendizaxe a través da Psicoloxía da Educación</li> <li>3. A sistematización dos procesos de ensino/aprendizaxe escolar</li> </ol>
TEMA 2: A APRENDIZAXE ESCOLAR NA PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. Principais enfoques psicolóxicos da aprendizaxe</li> <li>3. Categorias/tipos de aprendizaxe escolar</li> <li>4. Trazos relevantes da aprendizaxe escolar</li> <li>5. Os procesos da aprendizaxe</li> </ol>
TEMA 3. VARIABLES COGNITIVAS DO ALUMNADO QUE INCIDEN NA APRENDIZAXE ESCOLAR	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. As estratexias e técnicas de aprendizaxe</li> <li>3. Os enfoques da aprendizaxe</li> <li>4. A intelixencia</li> </ol>
TEMA 4. MOTIVACIÓN PARA A APRENDIZAXE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. Que é a motivación escolar e de que depende?</li> <li>3. O compoñente de valor da motivación: as metas académicas</li> <li>4. Os compoñentes de expectativa e afectivo-emocional da motivación</li> </ol>



TEMA 4. A MOTIVACIÓN PARA A APRENDIZAXE (II): O COMPOÑENTE DE EXPECTATIVA E AFECTIVO-EMOCIONAL DA MOTIVACIÓN	<ul style="list-style-type: none"><li>1. As atribucións causais<ul style="list-style-type: none"><li>1.1. As dimensións da causalidade</li><li>1.2. Consecuencias cognitivas (expectativas) e afectivas das atribucións de causalidade</li><li>1.3. Estilos atribucionais e motivación</li></ul></li><li>2. O autoconcepto como variábel motivacional<ul style="list-style-type: none"><li>2.1. Teoría de autovalía</li></ul></li></ul>
TEMA 5: FACTORES INTERPERSOAIS E CONTEXTUAIS QUE AFECTAN Á APRENDIZAXE ESCOLAR	<ul style="list-style-type: none"><li>1. Introducción</li><li>2. A interacción profesorado-alumnado</li><li>3. Interacción entre o alumnado</li></ul>
GRUPO B	
TEMA 1: A PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	<ul style="list-style-type: none"><li>1. A orixe da Psicoloxía da Educación</li><li>2. Concepcións da relación entre Psicoloxía da Educación e educación</li><li>3. Dimensións ou finalidades</li><li>4. Obxecto de estudo</li><li>5. Os contidos</li><li>6. As tendencias actuais e perspectivas de futuro</li></ul>
TEMA 2: A APRENDIZAXE ESCOLAR	<ul style="list-style-type: none"><li>1. Principais enfoques Psicolóxicos da Aprendizaxe<ul style="list-style-type: none"><li>1.1. Enfoque condutista</li><li>1.2. Enfoque cognitivo</li></ul></li><li>2. Categorias e tipos de aprendizaxe escolar</li><li>3. Trazos relevantes da aprendizaxe escolar</li></ul>
TEMA 3: FACTORES INTRAPERPOAIS IMPLICADOS NA APRENDIZAXE ESCOLAR: O ALUMNO	<ul style="list-style-type: none"><li>1. Variables cognitivas<ul style="list-style-type: none"><li>1.1. A intelixencia</li><li>1.2. Procesos de aprendizaxe</li><li>1.3. Estratexias de aprendizaxe</li><li>1.4. Estilos e enfoques de aprendizaxe</li></ul></li><li>2. Variables motivacionais<ul style="list-style-type: none"><li>2.1. As metas académicas</li><li>2.2. As atribucións causais</li><li>2.3. O autoconcepto</li></ul></li></ul>
TEMA 4: FACTORES INTERPERPOAIS QUE INCIDEN NA APRENDIZAXE ESCOLAR: O CONTEXTO	<ul style="list-style-type: none"><li>1. As interaccións entre iguais<ul style="list-style-type: none"><li>1.2. Tipos de relación entre iguais</li><li>1.3. A construción do coñecemento na interacción entre o alumnado: mecanismos interpsicolóxicos</li><li>1.4. O agrupamento dos alumnos</li></ul></li><li>2. A interacción profesorado-alumnado: as expectativas do profesor<ul style="list-style-type: none"><li>2.1. A formación das expectativas</li><li>2.2. Efectos das expectativas na educación</li></ul></li></ul>

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Actividades iniciais	1.5	0	1.5
Sesión maxistral	19.5	0	19.5
Investigación (Proxecto de investigación)	10.5	45.5	56
Traballos tutelados	6	38	44
Proba mixta	3	25	28
Atención personalizada	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levarán a cabo antes de iniciar o proceso de ensino/aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar. Con elas preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir os coñecementos de cada tema e facilitar a súa aprendizaxe.
Investigación (Proxecto de investigación)	GRUPO B. Proceso de ensinanza orientado a facilitar a construción expansiva do coñecemento mediante a realización de actividades-prácticas en grupo para identificar, analizar e estudar algunhas das variabeis intrapersoais da aprendizaxe escolar (variables do alumnado) a partir da observación participativa ou da aplicación de probas
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela do profesor ou profesora na aula. Trátase de actividades de orientación-execución e de demostración-práctica a fin de que o alumnado comprenda significativamente a información e a integre na súa estrutura de coñecementos. Inclúense dentro destes traballos tutelados: análises de fontes documentais, realización de esquemas ou resumos, glosarios, presentacións orais, prácticas a través de TICs ou estudos de casos. Todo isto farase a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba mixta	GRUPO A. Proba de Ensaio na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.). Utilízase para a avaliación sumativa. Permite medir as habilidades de síntese, de comparación, de redacción do alumnado, polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos teórico-prácticos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.  GRUPO B. Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Investigación (Proxecto de investigación)	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula, como na rede e en titorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico e práctico e na elaboración dos informes pertinentes.
Traballos tutelados	Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Investigación (Proxecto de investigación)	GRUPO B.  Trátase de estudar algunhas das variábeis ou factores da aprendizaxe escolar e elaborar un informe/artigos en base a busca e análise de documentación científica e datos. Este traballos faranse en grupo.	40



Traballos tutelados	<p>GRUPOS A e B.</p> <p>Traballo individual e en grupo que consiste na realización de actividades a facer na aula e fóra dela para cada un dos temas. Estas actividades colaborativas serán basicamente de orientación-execución ou demostración-práctica. Este portafolios que integra as metodoloxías de aprendizaxe cooperativo, traballos tutelados, estudo de casos, presentación oral, glosario análise de fontes documentais... será o material que se contemple na avaliación</p>	20
Proba mixta	<p>GRUPO A.</p> <p>Ao finalizar o cuadrimestre na data oficial, farase unha proba de ensaio para verificar o grao de adquisición das competencias do "saber" e "saber facer"..</p> <p>GRUPO B.</p> <p>Farase unha proba escrita para avaliar os coñecementos teóricos da materia. A proba consistirá en 30 preguntas con tres posibles respostas das cales só unha é a correcta, as preguntas incorrectas restan a razón de cada dúas mal anulan unha ben.</p>	0

Observacións avaliación



GRUPO A: 1ª CONVOCATORIA. Dependendo da asistencia continuada ou non as clases, hai dúas modalidades de seguir a materia de ?Psicoloxía da Aprendizaxe en Contextos Educativos? que determinandous modos diferentes de avaliación: Modalidade A: Avaliación Continua e Modalidade B de Avaliación Final;

? Modalidade A : Avaliación Continua e Final. Nesta modalidade levarase a cabo unha avaliación de tipo procesual consistente na realización dunha serie de actividades e prácticas de cada tema realizadas en grupo co seguimento periódico das mesmas. Por tanto será obrigatoria a asistencia ás clases (como mínimo o 85% das horas presenciais, é dicir, só se poderá faltar un máximo de 4 módulos no cuadrimestre, en caso contrario deberase optar pola modalidade B), sendo imprescindible ademais a participación activa e continuada por parte do alumnado no grupo de traballo na aula (no caso de non ser así contabilizarase como unha ausencia).

Esta avaliación levarase a cabo a partir:

a/ Da exposición oral e presentación escrita das actividades

prácticas grupais de cada un dos temas que suporán un máximo dun 40% da cualificación&nbsp;

b/

A proba de ensaio individual sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Isto representa como máximo un 60% da cualificación.

Para

superar satisfactoriamente a materia será necesario realizar todas as actividades prácticas propostas para cada tema&nbsp; e a proba mixta individual, acadando en cada unha das partes un 50% da cualificación e participar no

traballo non presencial como mínimo nun 85% das horas traballadas.

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas

en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo. No

caso de non superar algunha das partes obrigatorias, a nota final será a nota da parte non superada.

? Modalidade B :Avaliación Final. Para aquel alumnado que non asista ao 85% das horas presenciais, a nota final virá determinada por unha proba final escrita dos contidos teórico-prácticos da materia. A data para esta proba será a fixada polo Centro.

GRUPO B: Teranse en conta dúas opcións en función da asistencia e participación do alumnado nas clases presenciais.

Opción A. ALUMNADO QUE ASISTE E PARTICIPA NA CLASE (&gt;85%):

Coñecementos prácticos: Nas clases interactivas realizaranse as tarefas antes mencionadas en pequeno grupo e individualmente, constituíndo o 60 % da nota final. O alumnado terá que asistir ás clases interactivas para poder facer estas prácticas, e entregalas dentro dos prazos establecidos. Coñecementos teóricos: Mediante a Proba de resposta múltiple avaliaranse os coñecementos teóricos, que constitúen o 40 % da nota final. Todas as prácticas e o exame serán puntuados nunha escala de 0 a 10 e logo aplicado a correspondente porcentaxe para a obtención da nota final.

A cualificación final será a suma da cualificación dos coñecementos teóricos e dos prácticos, esta suma só se realizará cando en cada unha das dúas partes (práctica e teórica) se obteña o 50% da puntuación posible.

Opción B. ALUMNADO QUE NON ASISTE E PARTICIPA NA CLASE (&lt; 85%)

Só se poderán acoller a esta modalidade o alumnado:

\* Que en aplicación da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 29 de maio de 2012), se lle recoñecera a condición de estudante a tempo parcial e solicitara ao Decano/a a correspondente dispensa académica quedarán eximidos da obrigatoriedade de asistencia as sesións interactivas.

\* Así como o alumnado de Continuación de estudos na materia (repetidores).

pasando a súa avaliación a ser:

Coñecementos prácticos: Como non pode asistir as clases interactivas terá que realizar as tarefas individualmente dentro dos prazos establecidos.

Estas prácticas constitúen o 33,34 % da nota final. Coñecementos teóricos: O alumno terá que facer dúas probas ou exames para avaliar os coñecementos teóricos. Mediante a Proba de resposta múltiple, antes comentada, obterá o 33,33 % da nota final. E mediante unha Proba de resposta breve de 10 preguntas obterá o restante 33,33 %. Terá que superar as dúas partes para ter superada esta parte. Todas as prácticas e o exame serán puntuados nunha escala de 0 a 10 e logo aplicado a correspondente porcentaxe para a obtención da nota final.

A cualificación final será a suma da cualificación dos coñecementos teóricos e dos prácticos, esta suma só se realizará cando en cada unha das tres partes se obteña o 50% da puntuación posible.

NOTAS Grupo B.

1. En caso de suspender algunha das dúas partes (teórica ou práctica) a cualificación final da materia nas actas será de 3.
2. A cualificación de No Presentado darase a aquel alumnado que non participa de ningunha das metodoloxías de avaliación descritas.
3. No caso de ter aprobada só unha das partes (teoría ou práctica), esta manterase aprobada noutras convocatorias (máximo 4 cursos académicos, mentres o responsable da materia sexa Juan Carlos Brenlla Blanco).



Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	
Observacións	

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías